



## SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE

A reurbanización da rúa Carretas foi unha das actuacións tramitadas, adxudicadas e iniciadas formalmente no mandato municipal 2011-2015.

A acta de replanteo destas obras asinouse o 13 de abril de 2015 sen que constara ningunha observación nin reparo ao respecto.

En uso dos labores de control e fiscalización do Goberno, o Grupo Municipal Popular solicitou acceso ao correspondente expediente, así como copia da documentación contida no mesmo, observando unha serie de irregularidades, que requiren, cando menos unha explicación exhaustiva por parte do responsable político da área.

Tendo a certeza de que os servizos técnicos e administrativos do Concello coñecen perfectamente a Lei de Contratos do Sector Público, así como a diferente normativa técnica de obrigado cumprimento na cidade, e considerando, así mesmo que o concelleiro debe coñecer a referida normativa é polo que este Grupo Municipal, de acordo co previsto no Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago, solicita a comparecencia no Pleno do Concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, co obxecto de responder as cuestións seguintes relativas ó expediente da obra de reurbanización da rúa das Carretas:

1º.- En que data e en base a que informe técnico, tivo coñecemento o concelleiro, por primeira vez, que o prazo inicial da obra non se podía cumprir?.

2º.- Por que ao prolongarse os traballos arqueolóxicos non se propuxo a paralización do resto dos traballos e tramitación dunha prórroga en tempo e forma, consonte á normativa?


3º.- Existe algún informe técnico do Concello ou externo que acredite que a primeira ampliación de prazo irregular, non foi ocasionada pola incapacidade do contratista?

4º.- Cando tivo coñecemento o concelleiro de que a obra requiría unha modificación, ou que, en definitiva, a obra non se poida executar de acordo co proxecto?

5º.- Por que non se decataron, na Xunta de Goberno Local do 6 de novembro de 2015, cando acordaron a primeira prórroga irregular, que a obra non se estaba executando de acordo co proxecto e que non era posible rematar a mesma o 27 de novembro?

6º.- Cal é a razón para que, a pesar do informe da interventora do 29 de outubro, que dicía, taxativamente, que os actos non eran convalidables, a Xunta de Goberno do 6 de novembro, acorda a convalidación en contra do propio informe da interventora?

7º.- Como é posible que o 27 de novembro de 2015 a Xunta de Goberno aprobe unha corrección de erros para modificar o acordo do 6 de novembro, eliminando a verba convalidación?. É simplemente consecuencia de que o xefe de sección de contratación se decatara do devandito erro?



8º.- Cal é a razón para que a petición da dirección de obra, solicitando autorización para redactar un proxecto modificado, do 23 de novembro, informada polo arquitecto municipal o día 27 de novembro, non fora tramitada pola Concellería, permitindo a execución dunha obra sen autorización?

9º.- Cal é a razón para que tampouco a solicitude de ampliación de prazo, presentada o día 23 de novembro pola empresa e informada favorablemente pola dirección de obra, non fora tramitada?

10º.- Cal é a razón para non tramitar un modificado no momento en que a Concellería coñece que é imprescindible cambiar a obra?

11º.- Por que non se elevou o proxecto modificado á Comisión Asesora de Patrimonio Histórico, incumprindo a normativa?

12º.- Considera razoable eliminar mobiliario e sinalización por máis de 25.390 euros?.

13º.- Está de acordo o concelleiro en aprobar recoñecementos extraxudiciais dunha obra, situada no ámbito da Cidade Histórica, sen que o proxecto teña o informe da Comisión Asesora?

Santiago a 19 de abril de 2016

Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.